Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á realización de melloras nas estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove

- 20180 - 10101 (12/PRE-004991)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as razóns do estado das estradas PO-299 e PO-307 na Illa de Arousa e o prazo en que o Goberno galego prevé a execución de obras de rehabilitación e mellora nestas vías

- 20533 - 10222 (12/PRE-005012)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a actitude do Goberno galego ante as peticións de información e dunha reunión por parte da representación legal do persoal da empresa concesionaria das ITV

- 20412 - 11065 (12/PRE-005124)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Insua Lema, Óscar
Sobre as razóns da ausencia de mulleres nas xornadas anunciadas para o 19 de setembro e organizadas co obxectivo de presentar os estudos promovidos polo Goberno galego relativos á planta local galega

- 20422 - 12301 (12/PRE-005256)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a situación da función pública local en Galicia e a solicitude ao Goberno central da transferencia das competencias para a creación e xestión dun corpo galego de funcionarios ao servizo da Administración local

- 20537 - 13201 (12/PRE-005340)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre as funcións que están realizando os auxiliares da Policía Local do Concello da Laracha e as condicións de supervisión en que as desenvolven

- 20536 - 13508 (12/PRE-005371)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 6 máis

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao eventual rescate en 2025 das autovías AG-55 e AG-57, os estudos realizados ao respecto e a valoración dunha posible revisión das renegociacións das concesións que afectan as autovías AG-56, AG-31, AG-11 e AG-41

- 20424 - 13887 (12/PRE-005418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a sinistralidade laboral no estaleiro Blascar, situado na Graña, concello de Ferrol, e a valoración que fai a Xunta de Galicia do accidente acontecido o 4 de outubro

- 20423 - 13969 (12/PRE-005428)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne a estudos, plans, política de información e cumprimento de normativas respecto do problema de saúde pública que supón a presenza de gas radon no territorio galego

- 20178 - 14461 (12/PRE-005479)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis
Sobre os compromisos do Goberno central respecto das bonificacións nas autoestradas estatais de Galicia

- 20428 - 14517 (12/PRE-005485)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 3 máis
Sobre o conflito dos traballadores/as da limpeza de edificios e locais da provincia de Pontevedra derivado do bloqueo das negociacións de revisión salarial, a evolución do poder adquisitivo deste colectivo e as condicións existentes nas empresas contratistas da Xunta de Galicia no devandito sector

- 20427 - 14546 (12/PRE-005490)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre os contratos que ten a Xunta de Galicia coa empresa Circet, o grao de cumprimento da normativa laboral por parte desta empresa e o expediente de regulación de emprego que presentou

- 20177 - 14575 (12/PRE-005494)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis
Sobre os prazos, o financiamento e as actuacións do Goberno galego para a materialización do seu compromiso de construción dunha senda peonil e ciclista entre Camposancos e A Guarda

- 20175 - 14612 (12/PRE-005497)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia verbo da finalización da senda peonil Vilaúde-O Reirado, entre os concellos de Alfoz e do Valadouro, e as razóns de que esta infraestrutura non estea xa rematada

- 20542 - 14808 (12/PRE-005511)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a xestión das listas de desemprego por parte da Xunta de Galicia, a configuración dos itinerarios personalizados para as persoas demandantes, a planificación da formación consonte estes itinerarios e a dotación de medios das oficinas de emprego

- 20541 - 14862 (12/PRE-005514)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 3 máis
Sobre a postura do Goberno galego ante o eventual impulso, coa participación da Fegamp, dun plan único autonómico á marxe do Fondo Galego de Cooperación, destinado a todos os concellos e elaborado con criterios obxectivos e transparentes

- 20174 - 15150 (12/PRE-005540)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis
Sobre as condicións de seguridade viaria en que está a estrada PO-404 ao seu paso polo concello de Tui, as razóns do Goberno galego para non ter respondido ás peticións do Concello de Tui neste asunto e as previsións ao respecto

- 20425 - 15172 (12/PRE-005542)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás
Sobre a situación actual do emprego xuvenil en Galicia e as medidas que pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar neste ámbito os datos do desemprego, da fenda salarial entre menores e maiores de 35 anos e da terciarización

- 20539 - 15387 (12/PRE-005555)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as razóns da retirada das máquinas que funcionan como puntos de información do Servizo Público de Emprego de Galicia en numerosos concellos e oficinas de emprego, as consecuencias desta medida e as alternativas ao servizo que prestaban

- 20433 - 16263 (12/PRE-005571)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre o acordo de libre comercio UE-Mercosur e as medidas previstas polo Goberno galego orientadas á salvagarda do sector agrogandeiro galego ante a ameaza que supón o devandito acordo

- 20432 - 16456 (12/PRE-005585)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as medidas que prevé poñer en marcha o Goberno galego en materia de crecemento económico e de emprego

- 20431 - 17214 (12/PRE-005610)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 2 máis
Sobre a suba do salario mínimo interprofesional, a situación salarial en Galicia e o cumprimento das recomendacións da Carta Social Europea

- 20435 - 17929 (12/PRE-005652)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre a valoración que fai o Goberno galego respecto das medidas contidas no Real decreto lei 11/2024, do 23 de decembro, para a mellora da compatibilidade da pensión de xubilación co traballo e o modo en que afectan ao absentismo laboral e ao desemprego xuvenil

- 20434 - 19340 (12/PRE-005750)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre o impacto que ten na economía galega a desigualdade das mulleres, a valoración do Goberno galego sobre este feito e as súas previsións en canto á promoción de estudos que o analicen

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 18 de febreiro de 2025, polo que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefatura do Servizo de Asistencia Parlamentaria da Administración do Parlamento de Galicia e se aproban as súas bases.**

Ao abeiro do establecido no artigo 29 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 18 de febreiro de 2025, acordou anunciar a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefatura do Servizo de Asistencia Parlamentaria da Administración do Parlamento de Galicia, e aprobar as seguintes bases:

Primeira. Anúnciase a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefatura do Servizo de Asistencia Parlamentaria da Administración do Parlamento de Galicia, código AP16 da relación de postos de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia, que se detalla no anexo I deste acordo.

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Segunda. Funcións do posto:

a) A dirección, programación, organización, coordinación, xestión, control e impulso das actividades desenvolvidas polo servizo.

b) A xefatura do persoal adscrito ao servizo: identificación de necesidades e difusión de información ao persoal.

c) A definición, en colaboración co/a director/a ou persoa que designe o letrado oficial maior, dos obxectivos e das liñas fundamentais do servizo.

d) A análise dos procesos funcionais e o deseño e implantación de melloras na organización e métodos de traballo nos procesos técnicos e administrativos do servizo.

e) A programación, xestión e explotación das bases de datos do servizo.

f) A xestión e supervisión da actualización dos contidos da páxina web do Parlamento de Galicia nas materias competencia do servizo, conforme aos criterios e ás normas establecidos. A actualización será efectuada polo persoal que designe.

g) A colaboración na elaboración da memoria do Parlamento de Galicia.

h) A elaboración de propostas de gasto do servizo baixo a supervisión da dirección, así como a elaboración da xustificación do gasto e o asinamento de documentación.

i) A colaboración na definición e desenvolvemento dos programas de formación do persoal do servizo.

j) Aquelas funcións que, ao seren análogas ás anteriores ou teren carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das competencias da unidade administrativa, lles asignen os órganos superiores competentes e as normas que sexan aplicables.

Terceira. Competencias do Servizo de Asistencia Parlamentaria ao que o posto está adscrito:

1. Ao Servizo de Asistencia Parlamentaria correspóndelle o exercicio das seguintes competencias:

a) A programación, organización, xestión, control e impulso dos procesos administrativos previos e derivados da actividade parlamentaria.

b) A asistencia administrativa e prestación de información aos órganos parlamentarios.

c) A elaboración, execución e control dos documentos de carácter parlamentario que resulten da dita actividade.

d) A xestión dos fondos bibliográficos e documentais.

e) A xestión do arquivo parlamentario.

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

f) A elaboración de estudos de interese para a actividade parlamentaria.

g) A tramitación das solicitudes de información previstas no Regulamento do Parlamento.

h) A xestión do Rexistro Xeral.

i) A xestión e custodia do Rexistro de Intereses, baixo a dependencia directa da letrada ou do letrado oficial maior.

j) O traslado dos documentos rexistrados e a subministración de información ás cidadás e aos cidadáns.

k) A elaboración de estatísticas da actividade parlamentaria.

l) A organización, coordinación, xestión e supervisión do arquivo temporal de xestión parlamentaria.

m) A subministración, actualización e responsabilidade dos contidos correspondentes á súa área funcional que se integran na aplicación de xestión parlamentaria e na páxina web do Parlamento.

n) A expedición, con carácter xeral, de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados, sen prexuízo do exercicio desta competencia por outras unidades en relación coas funcións que especificamente teñan atribuídas.

ñ) A asistencia no uso de medios electrónicos ás persoas interesadas que o soliciten, nos supostos establecidos na lexislación aplicable en materia de procedemento administrativo, sen prexuízo do apoio técnico que deba prestar o Servizo de Tecnoloxías da Información.

o) Todas aquelas actividades administrativas análogas ás anteriores que sexan necesarias para o funcionamento dos órganos parlamentarios da Cámara.

2. A persoa titular do servizo exerce a xefatura do persoal adscrito ao Servizo de Asistencia Parlamentaria e correspóndelle a división interna das tarefas derivadas das competencias do servizo e, en particular, a determinación das áreas funcionais e a organización funcional delas.

Cuarta. Poderá concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia pertencente ao corpo superior do Parlamento de Galicia, así como o persoal funcionario de carreira das administracións públicas de corpos clasificados no grupo A, subgrupo A1.

Quinta. Todos os trámites relacionados con este procedemento efectuaranse por medios electrónicos a través da sede electrónica do Parlamento de Galicia (https://sede.parlamentodegalicia.gal/).

O prazo de presentación de solicitudes, segundo o artigo 29.2 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, é de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, conforme o modelo que se inclúe como anexo II. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude pre-

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en realice a emenda.

Sexta. As persoas aspirantes deberán presentar coa petición un currículo e xustificar, mediante certificación ou copia electrónica auténtica dos documentos acreditativos, os méritos que aleguen.

Cando as persoas aspirantes sexan ou fosen persoal funcionario da Administración do Parlamento de Galicia poderán indicar neste proceso de provisión que a información relativa ao seu currículo e méritos figura en poder desta Administración.

Os méritos alegados e non probados segundo se indica no parágrafo anterior non se terán en conta.

Sétima. O procedemento de provisión resolverase mediante un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia que deberá adoptarse no prazo máximo de dous meses, contados desde a data da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, logo da proposta do letrado oficial maior, de conformidade co disposto no artigo 29 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia. No caso de non se resolver no devandito prazo, declararase a caducidade do procedemento.

A resolución do procedemento, coa adxudicación do posto á persoa funcionaria de carreira que reúna os requisitos exixidos para o seu desempeño, ou a súa declaración como deserto por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo, ou se non se presentase ningunha solicitude, farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da institución.

Oitava. O prazo para tomar posesión do posto será de tres días hábiles, se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia. Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O prazo da toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á Comunidade Autónoma para o caso de persoal doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Novena. Contra o acordo polo que se aproba esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, conforme a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ANEXO I

**Descrición do posto**

Denominación: Xefatura do Servizo de Asistencia Parlamentaria
Código do posto: AP16
Nivel: 28
Complemento específico: 35.300,72 euros
Grupo: A
Corpo: Superior do Parlamento de Galicia
Dependencia: Parlamento de Galicia
Localidade: Santiago de Compostela

ANEXO II

**Solicitude**

**DATOS PERSOAIS**

| | | |
|---|---|---|
| Primeiro apelido: | Segundo apelido: | Nome: |
| DNI: | Corpo/escala a que pertence: | Grupo: |
| Domicilio, rúa e nº: | Localidade: | Provincia: |
| Teléfono: | Enderezo electrónico: | |
| Destino actual: | | |

**TEMPO DE SERVIZOS PRESTADOS**

| No corpo actual: | Anos | Meses | Días |
|---|---|---|---|
| | | | |
| Noutros corpos | Anos | Meses | Días |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| No actual posto de traballo | Anos | Meses | Días |
| | | | |

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

| Outros destinos anteriores | Anos | Meses | Días |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

**TÍTULOS ACADÉMICOS**

| |
|---|
| |
| |
| |

**COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

| |
|---|
| |

**Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria:**

| |
|---|
| |
| |
| |

**Outros méritos que a persoa candidata desexe facer constar:**

| |
|---|
| |
| |
| |

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SOLICITO ser admitido/a na convocatoria de provisión polo procedemento de libre designación do posto de xefatura do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia ao considerar que reúno os requisitos esixidos.

| **Deber de informar sobre protección de datos** | |
|---|---|
| ☐ Fun informado de que o Parlamento de Galicia vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos. | |
| **Responsable** | Parlamento de Galicia. |
| **Finalidade Principal** | Xestión de recursos humanos. |
| **Lexitimación** | Cumprimento dunha obriga legal. |
| **Cesión de Datos** | Non hai previsión de transferencias a terceiros países. |
| **Dereitos** | Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan, tal e como se explica na información adicional |
| **Información adicional** | Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url: https://www.parlamentodegalicia.es/Portada/ProteccionDatos |

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.
Santiago de Compostela, _______________
Sinatura.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20190
Data envío: 14/02/2025 15:10:44.871
Data 14/02/2025 15:10

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7108**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Brais Ruanova Vilas-Boas e don Luis Bará Torres, sobre **"as peticións da veciñanza de Areas, no concello de Tui, respecto do proxecto de acondicionamento da estrada N-551"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"O proxecto obxecto da pregunta comprende diferentes actuacións complementarias da obra do enlace da VAC Tui – A Guarda coa A-55 e o polígono de Areas, que está en servizo desde hai un ano como o punto de partida da autovía AG-42 sendo a actuación máis complexa de toda a traza. Comprende actuacións de mellora do firme na A-55, no vial do Polígono de Areas polo que se desviou o tráfico, a consolidación das glorietas provisionais que se habilitaron durante as obras e que funcionaron satisfactoriamente, a mellora do firme en varios viais da contorna das obras, e a mellora do treito da N-551 entre os antigos ramais do enlace coa A-55.

Este treito, era e aínda é de titularidade do Estado, e é evidente que de terse formulado estas demandas ante a administración titular, non se consideraron no pasado. A propia redacción das solicitudes dos veciños e esta mesma pregunta é un recoñecemento á labor da Xunta de Galicia como administración máis próxima e sensible ás demandas dos veciños, xa que agora parece que si é factible que sexan escoitados. De feito, o propio proxecto recolle a mellora deste treito, dispoñendo un paso de peóns onde non o había, habilita beirarrúas accesibles onde tampouco as había ou eran intransitables, dispón unha nova parada de autobús, e mellora a seguridade da glorieta. As demandas adicionais dos veciños que sexa posible implantar nesta fase, nomeadamente o paso de peóns, estudaranse dende o punto de vista da seguridade viaria. Outras demandas formuladas corresponden á administración do Estado por referirse ao tramo que seguirá sendo da súa titularidade.

En canto á antiga saída da A-55, poñerase a disposición do Concello de Tui xa que pode ser unha oportunidade interesante dende diferentes puntos de vista, en relación co Polígono de Areas, pero corresponde ao propio concello reflexionar sobre a súa utilidade".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGKb5Z4dUsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 4d1f8027-a592-dfe4-1643-1eb8d5a34b42
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:10:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20190
Data envio: 14/02/2025 15:10:44.871

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-Kbb5Z4dUsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 4d1f8027-a592-dfe4-1643-1eb8d5a34b42
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20190
Data envio: 14/02/2025 15:10:44.871

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:10:44**

CSV: BOPGDSPG[illegible]UsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20189
Data envío: 14/02/2025 15:10:37.121
Data 14/02/2025 15:10

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7112**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos, don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"o estado da estrada AC-453, as súas condicións de seguridade para vehículos e peóns e as previsións da Xunta de Galicia respecto da mellora desta infraestrutura"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"Nos últimos anos a Axencia galega de Infraestruturas ten investido para a mellora das estradas autonómicas no concello de Ames, en concreto co reforzo do firme na AC-453 ou da AC-455 na travesía de Portomouro. E está a estudiar actuacións de novas fases de mellora da AC-406 entre Portomouro e Val do Dubra, así como a mellora da intersección entre a AC-453 e a DP-0701, e novas actuacións en xeral nas estradas autonómicas de acordo coas necesidades globais identificadas na rede dende o punto de vista técnico. ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 8cbe3d06-bfa1-3c54-1804-5d53cef984a0
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:10:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20189
Data envio: 14/02/2025 15:10:37.121

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:10:36**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:41:07
Nº Rexistro: 20452
Data envío: 19/02/2025 11:41:07.935
Data 19/02/2025 11:41

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7165**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a demanda dirixida ao Goberno galego respecto do establecemento de campañas de información transversais en materia de protección ante a proliferación de carrachas, así como de axudas para desparasitar e desinfectar os animais"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Existe unha Rede galega de vixilancia de vectores (REGAViVEC) creada no 2017 para a vixilancia de dípteros (entre eles, mosquitos) e carrachas. Está coordinada pola Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, en colaboración coa Consellería do Medio Rural e das universidades de Santiago de Compostela e de Vigo. Un dos seus obxectivos principais é coñecer a distribución de vectores con interese en saúde pública e a súa identificación; elaborando informes anuais da vixilancia efectuada, que están dispoñibles na páxina web da Consellería de Sanidade.

A Consellería de Sanidade, para minimizar os riscos derivados da presenza de carrachas, realizou e segue a realizar activamente campañas de formación e divulgativas, como xornadas, cursos e webinars entre diferentes organismos (concellos, agrupacións de emerxencias...) e profesionais sanitarios (farmacéuticos, médicos e enfermeiros). Tamén traballa para achegar esta información aos colexios e centros culturais. Polo tanto, estase a apostar por un enfoque de saúde pública (one health), é dicir preventivo, para anticiparse aos problemas.

Por outra banda, de cara á ofrecer a máxima información á cidadanía, preparouse material divulgativo, como trípticos e recomendacións, coa colaboración dos centros de saúde e farmacias, xunto coa realización de podcasts a través da cátedra de Saúde Ambiental. Ademais, reforzáronse os mecanismos de coordinación e comunicación entre todos os axentes e administracións que están implicados, tamén os sistemas de vixilancia para garantir a detección precoz de casos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 657e67a9-21d9-0520-6c39-09ae0c3e4c43
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/02/2025 11:41:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:41:07
Nº Rexistro: 20452
Data envio: 19/02/2025 11:41:07.935

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2025 11:41:07**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20194
Data envío: 14/02/2025 15:11:48.574
Data 14/02/2025 15:11

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7249**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema, don Daniel Pérez López e don Luis Bará Torres, sobre **"a eventual licitación en 2024 do tramo Salto-Berdoias da autovía AG-55, a suficiencia da partida destinada a esta actuación e as previsións relativas á execución desta obra, así como sobre o sistema de financiamento, construción e xestión da infraestrutura"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta coincide exactamente coa nº7310 (12/POC-001104) do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eventual licitación en 2024 do tramo Salto-Berdoiasda autovía AG-55, a suficiencia da partida destinada a esta actuación e as previsións relativas á execución desta obra, que foi respondida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez Iglesias no marco da Comisión 3ª celebrada o 04.10.2024, que se pode consultar no seguinte enlace:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmQ1MWM2YjltNDI1Yi00NjlhLWFlNDktODc2NmFkYjlmMmMz&start=18.216".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGsHDfzfdSW-5
Verificación: CVE-PREPAR: f2e06b59-f437-ba33-e0f7-0bc3054cec96
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:11:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20194
Data envio: 14/02/2025 15:11:48.574

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:11:48**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7251**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, don Luis Bará Torres e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"o impulso do proxecto de prolongación da AG-31 ata a fronteira portuguesa e as actuacións realizadas e as previstas pola Xunta de Galicia orientadas a este obxectivo"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A prolongación da autovía AG-31 só ten sentido no marco dun acordo internacional entre España e Portugal no que ambos países aposten por esta conexión transfronteiriza. Neste momento as características do trazado que dá continuidade á OU-540 por territorio portugués son moi inferiores ás que presenta a estrada autonómica, incluso antes de acometer as obras de mellora que ten previsto executar a Xunta, polo que non tería lóxica facer unha autovía na parte galega se esa autovía non continúa en territorio portugués.

Xunta de Galicia está a impulsar actuacións que contribúen ao equilibrio territorial e que redundan nunha maior accesibilidade e en mellores condicións de mobilidade para os veciños do interior. Así, estase a traballar na mellora da estrada OU-540. Actuación que resulta ser perfectamente compatible co posible desenvolvemento futuro da prolongación da Autovía AG-31, por tratarse de proxectos non excluíntes entre si".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-rb9n2gdUsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 07a98246-d4d4-60c4-c6a4-e9dc6912db36
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:11:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20193
Data envio: 14/02/2025 15:11:41.824

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:11:41**

CSV: [illegible]UsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20403
Data envío: 18/02/2025 21:49:12.984
Data 18/02/2025 21:49

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7520**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Trenor López e outros deputados e deputadas, sobre **"a nova proposta que fai o Goberno de España do mapa de concesións das rutas de autobús e as xestións que prevé realizar a Xunta de Galicia para evitar a supresión de paradas na nosa comunidade"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 16750, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 5 de febreiro de 2025, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora xeral de Mobilidade indicou que o novo mapa concesional de transporte por estrada, que pretende impoñer o Executivo estatal sen diálogo coas comunidades, provocará desigualdades territoriais coa supresión de servizos, paradas e tráficos que deixarán illados a máis de 130.000 persoas usuarias en Galicia.

A resposta completa da directora xeral de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTUwZTIwZTYtMjc5MC00M2UxLThjNDEtZDBiNGMwYzVmYTdj&start=3327

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTUwZTIwZTYtMjc5MC00M2UxLThjNDEtZDBiNGMwYzVmYTdj&start=4199".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 22ec6ef1-cd73-8a95-fce6-f7bf2d421ad1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

71549

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 21:49:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20403
Data envio: 18/02/2025 21:49:12.984

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:49:12**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:40:59
Nº Rexistro: 20451
Data envio: 19/02/2025 11:40:59.341
Data 19/02/2025 11:40

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7577**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"a colaboración do Goberno galego coas medidas da Administración estatal referidas á redución da pegada de carbono no ámbito sanitario e o uso do material máis adecuado para este obxectivo no tratamento das enfermidades respiratorias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Dende o ano 2020 o Servizo Galego de Saúde forma parte da RACE TO ZERO de Nacións Unidas para acadar a redución de emisións. O Servizo Galego de Saúde é o único sistema sanitario español que forma parte desta iniciativa.

O Servizo Galego de Saúde conta cunha Estratexia de Economía Circular propia aprobada en xuño de 2023 na que se recollen todas aquelas medidas dirixidas a garantir un sistema sanitario público máis sostible e respectuoso co medio ambiente. Esa estratexia fixa para a sanidade pública galega o obxectivo de reducir as emisións de dióxido de carbono en máis de 46.500 toneladas ao ano, ata acadar unha baixada do 60 % en 2030. Isto é, o equivalente a plantar máis dun millón de árbores.

O Servizo Galego de Saúde foi galardoado a nivel internacional polo seu compromiso climático. Este mesmo ano foi Campión Climático de Europa no Climate Challenge (HCWH) e un dos sete campións climáticos do mundo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-r6nTzg8UsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: b5f78b19-8c07-3375-7500-952d8759ef93
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/02/2025 11:40:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:40:59
Nº Rexistro: 20451
Data envio: 19/02/2025 11:40:59.341

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2025 11:40:59**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:40:52
Nº Rexistro: 20450
Data envío: 19/02/2025 11:40:52.325
Data 19/02/2025 11:40

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7578**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros deputados e deputadas, sobre **"a colaboración do Goberno galego coas medidas da Administración estatal referidas á redución da pegada de carbono no ámbito sanitario e o uso do material máis adecuado para este obxectivo no tratamento das enfermidades respiratorias"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Dende o ano 2020 o Servizo Galego de Saúde forma parte da RACE TO ZERO de Nacións Unidas para acadar a redución de emisións. O Servizo Galego de Saúde é o único sistema sanitario español que forma parte desta iniciativa.

O Servizo Galego de Saúde conta cunha Estratexia de Economía Circular propia aprobada en xuño de 2023 na que se recollen todas aquelas medidas dirixidas a garantir un sistema sanitario público máis sostible e respectuoso co medio ambiente. Esa estratexia fixa para a sanidade pública galega o obxectivo de reducir as emisións de dióxido de carbono en máis de 46.500 toneladas ao ano, ata acadar unha baixada do 60 % en 2030. Isto é, o equivalente a plantar máis dun millón de árbores.

O Servizo Galego de Saúde foi galardoado a nivel internacional polo seu compromiso climático. Este mesmo ano foi Campión Climático de Europa no Climate Challenge (HCWH) e un dos sete campións climáticos do mundo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 1e69e0d2-4a72-5f92-74c6-7dcbb3c917c5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CSV: BOPGDSPG-0dd0yduU8W-5



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/02/2025 11:40:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:40:52
**Nº Rexistro: 20450**
Data envio: 19/02/2025 11:40:52.325

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2025 11:40:52**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20197
Data envío: 14/02/2025 15:12:55.778
Data 14/02/2025 15:12

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7593**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, don Carlos López Font e dona Paloma Castro Rey, sobre **"a eventual creación dunha mesa técnica entre as administracións implicadas co fin de avanzar no proxecto de finalización da rolda leste de Lugo (LU-021)"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta mantén o seu compromiso cunha infraestrutura que sempre considerou que era prioritario desenvolver no concello de Lugo, e por iso consignou unha partida específica nos orzamentos de 2025. Seguirase avanzando neste ano, primeiro sometendo a unha nova avaliación de impacto ambiental o proxecto actualizado da Rolda Leste, co obxectivo de impulsar esta infraestrutura e pechar o cinto de circunvalación previsto no PXOM de Lugo, dándolle continuidade ao treito que resta dende a estrada autonómica LU-530 ata a N-VI.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) recolleu o 28 de maio de 2024 a resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que queda sen efecto a información pública así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola última actualización deste proxecto, sometido o trámite de consulta pública en marzo de 2023.

A continuación tramitouse un modificado do contrato para incluír no mesmo o documento de Estudo de Impacto Ambiental (EIA), que se autorizou o 14/05/2024 e que se aprobou polo órgano de contratación o 26/07/2024.

Estamos traballando para poder someter a información pública o proxecto e o estudo de impacto ambiental, mantendo o compromiso da Xunta de traballar para comezar a materializar, canto antes, a Rolda Leste de Lugo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 1f71e0e9-a260-8ad9-f357-2d15a4c18bd3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:12:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20197
Data envio: 14/02/2025 15:12:55.778

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:12:55**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7595**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas substitucións das baixas dos facultativos dos centros de saúde do Courel"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Ambas as facultativas están incorporadas dende o 1 de decembro, co funcionamento habitual nos dous centros referidos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: a98f5968-eb45-5426-4de5-66db8a9739f9
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:41
Nº Rexistro: 20497
Data envio: 19/02/2025 13:50:41.750

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: 1309d126-98c6-ec96-7090-0b70f25677b0

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:41
Nº Rexistro: 20497
Data envio: 19/02/2025 13:50:41.750

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2025 13:50:41**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20415
Data envío: 18/02/2025 21:54:50.486
Data 18/02/2025 21:54

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9562**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros deputados e deputadas, sobre **"o nivel de sinistralidade laboral en Galicia, as actuacións do Goberno galego nos últimos anos e as súas previsións nesta materia e os recursos con que conta o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O compromiso da Xunta coa prevención de riscos laborais para garantir a seguridade e a saúde laboral é innegable, tamén en materia de transición dixital, demográfica e ecolóxica. Desde todas as ópticas posibles, os lugares de traballo teñen que ser seguros e saudables.

Galicia ten unhas actividades económicas de alto risco e de elevada sinistralidade como poden ser os sectores forestais, a pesca, ao que hai que engadir, sen ser específica de Galicia, a construción. Dende a Xunta de Galicia, especialmente a través do Issga, estanse facendo campañas específicas para o risco de caída en altura en construción, incluído o persoal por conta propia, estase traballando de maneira integral nas actividades de pesca e afíns e apóstase decididamente por un cambio de forma de xestionar a prevención no sector forestal, impulsando a creación de servizos de prevención mancomunados que sen dúbida reducirán as cifras actuais, que a todos nos ocupan e nos preocupan.

Temos un claro obxectivo que é o de concienciar ás empresas da necesidade de garantir a seguridade e saúde no traballo que é prioritario para o Goberno galego, feito que explica que se desenvolvan controis en coordinación coa Inspección de Traballo para garantir que se respectan os dereitos das persoas traballadoras.

A este respecto cabe lembrar que **o orzamento do Issga para o 2024 incrementouse un 2,45% con respecto ao ano anterior.**

O Issga, xunto coa ITSS, investiga individualmente todos os accidentes graves e mortais no momento que ten coñecemento, desprazándose de inmediato ao lugar para as primeiras investigacións e inicio do informe.

Contamos con instrumentos para incidir na redución da sinistralidade, como a ***Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027***, que renovamos en consenso con patronal e sindicatos para incidir, de xeito decisivo, na redución dos sinistros en sectores máis afectados. A estratexia atende ás necesidades de enfrontar os riscos ante a transformación do mercado laboral e aborda, entre outras, a xestión preventiva no uso de tecnoloxías como a intelixencia artificial, internet ou plataformas virtuais de traballo.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 3f5d1461-8c22-86e0-5316-cad991030259
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 21:54:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20415
Data envío: 18/02/2025 21:54:50.486

Na mesma liña, non podemos esquecer o esforzo investido na posta en marcha de campañas de prevención de riscos en distintos sectores promovidas polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), que van desde a sensibilización ata á materialización de recoñecementos médicos periódicos para coñecer a relación entre a saúde laboral e os riscos no traballo, así como campañas informativas sobre recomendacións preventivas e xornadas explicativas sobre temáticas de interese, sobre todo de cara a colectivos especiais. Dentro desta formación, podemos destacar dous cursos recentes sobre *Análise de evidencias de riscos laborais nos aproveitamentos forestais*.

En concreto, no ano 2024 realizáronse distintas campañas que inclúen actuacións como a elaboración e difusión técnica, a realización de visitas de asesoramento técnico ás empresas por parte do persoal do Issga e actividades formativas, tanto para o persoal traballador como alumnado de distintos ciclos de FP, coas que se pretende incidir nos riscos que están a provocar accidentes de traballo con resultados graves ou mortais.

O persoal do Issga participa en preto de 50 grupos de traballo técnicos a nivel autonómico e estatal, permitíndolle fomentar a capacitación técnica e o rigor científico. Estes grupos son a base para a elaboración de documentos técnicos e de nova normativa que fomente e facilite a redución da sinistralidade laboral mediante unha adecuada xestión dos riscos.

Estas campañas teñen un efecto importante en xerar un comportamento de traballo seguro, en dar as pautas técnicas para previr eses riscos, co consenso dos axentes sociais, tanto as organizacións empresariais como as sindicais, coñecen estes traballos e colaboran activamente na súa difusión desenvolvendo o seu importante papel como actores da prevención de riscos laborais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 3f5d1461-8c22-86e0-5316-cad991030259
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20415
Data envio: 18/02/2025 21:54:50.486

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:54:49**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20184
Data envio: 14/02/2025 15:07:35.838
Data 14/02/2025 15:07

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9616**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"a situación en que se atopa a estrada autonómica PO-213 no que concirne ao seu nivel de seguridade viaria"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a realizar un traballo continuo de mellora da rede viaria de titularidade autonómica, estendendo e mellorando a rede viaria de alta capacidade, como no caso da Autovía Santiago – A Estrada que se está a executar; mellorando a seguridade viaria en actuacións que se levan a cabo principalmente nos treitos de concentración de accidentes; e acondicionando tamén estradas da rede convencional, para mellorar no posible a accesibilidade do territorio. Así, estase a actuar en estradas como a AC-862 e a AC-566 en Ortegal e na Ferrolterra, a LU-540 na Mariña, a PO-235, a PO-234, a LU-231, etc.

A estrada obxecto da pregunta ten unha lonxitude de 15,35 km e discorre integramente polo Concello da Estrada. No ano 2023 o tráfico rexistrado foi de 1.102 veh/día nos seus 1,75 primeiros quilómetros e de 276 veh/día nos outros 13,6 quilómetros da mesma. Tamén no ano 2023, a media de tráfico na rede autonómica de estradas na provincia de Pontevedra foi de 4.721 veh/día.

A Xunta de Galicia, consciente de que a situación da PO-213 pode ser mellorada e tendo o concello da Estrada trasladado esta necesidade, ten previsto estudar proximamente a súa mellora".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 3d6d4a38-04a4-7367-eb40-12bc2cf89e99
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:07:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20184
Data envio: 14/02/2025 15:07:35.838

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:07:35**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:33
Nº Rexistro: 20496
Data envio: 19/02/2025 13:50:33.906
Data 19/02/2025 13:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9784**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas que está a desenvolver o Goberno galego na loita contra a sinistralidade laboral, as súas previsións neste ámbito e a consideración da perspectiva de xénero e o impacto da transición dixital, demográfica e ecolóxica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta cunha estratexia consensuada por todos os axentes sociais, denominada Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, que se concreta, principalmente, nos plans anuais de actuación do ISSGA, que tamén contan coa participación activa e o consenso das interlocutores sociais.

Dita estratexia, respecto aos novos escenarios derivados das transicións dixital, demográfica e ecolóxica, contempla medidas para xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e avanzar cara unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral, incidindo especialmente na prevención dos riscos psicosociais e ergonómicos e abordando temáticas como a xestión da idade, o teletraballo, a desconexión dixital ou os riscos derivados dos cambios ambientais, entre outros.

En concreto, no plan de actuación do ISSGA 2025, recóllense, entre outras, as seguintes actuacións:

- Actuacións no marco do Laboratorio de riscos psicosociais, que foi creado no ano 2024 xunta coa Universidade de Santiago de Compostela como un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á prevención de riscos laborais na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.

- Difusión da Guía Camiñando, desde a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo.

- Campañas sobre medidas no teletraballo, uso seguro de dispositivos móbiles, dixitalización e xestión da idade.

- Impulso de programas de promoción da saúde nas pemes mediante a Guía de claves ISSGA: Saúde integral e benestar laboral, para incidir nun traballo que tenda ao benestar físico e emocional e que sexa a base para a creación de empresas seguras e saudables.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 282406f8-3935-0534-10c7-ead7b6d07095
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/02/2025 13:50:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:33
Nº Rexistro: 20496
Data envio: 19/02/2025 13:50:33.906

• Campaña sobre recomendacións preventivas contra a caída de altura na colocación e mantemento de paneis solares en cuberta.

• Campaña sobre traballo e calor para dar a coñecer os riscos e as medidas preventivas fronte ás elevadas temperaturas.

A integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais (PRL) é un principio fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e a protección da seguridade e saúde no traballo. Esta integración non só é un imperativo ético e legal, senón tamén unha estratexia efectiva para mellorar a seguridade e saúde laboral, debido á evidencia crecente de que os riscos laborais e as patoloxías causadas por eles afectan de maneira desigual aos homes e ás mulleres.

Entre as funcións do ISSGA, está a de promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de previr as posibles situacións en que os danos derivados do traballo, poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras. Tamén conta cunha Comisión para a integración da igualdade nas políticas de PRL coa participación dos interlocutores sociais.

Destacar tamén todas aquelas campañas dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral e as actuacións prioritarias de información e formación en actividades altamente feminizadas, como poder ser as redeiras e mariscadoras, ás que se lles presta axuda continua para a correcta identificación das enfermidades profesionais relacionadas coa profesión, así como as coidadoras de persoas con dependencia, con formación teórico-práctica sobre técnicas de mobilización de pacientes e sobre a prevención dos riscos biolóxicos e psicosociais, entre outros.

Neste ano 2025 realizarase un estudo de análise da sinistralidade laboral en sectores masculinizados.

A estratexia mencionada con anterioridade foi o resultado do traballo conxunto das organizacións sindicais e empresarial de Galicia que, presentado como documento inicial un borrador encargado ao ISSGA, foi obxecto das achegas e as melloras que deron cun marco estratéxico consensuado por todos os actores laborais de Galicia, considerándoa non só unha estratexia da Xunta de Galicia, senón un documento de todas as organizacións con representatividade das persoas traballadoras e das empresas.

Asemade, cada no correspóndelle ao Consello Reitor do ISSGA, no que teñen representación as organizacións sindicais e empresarial de Galicia, acordar a proposta para a súa aprobación por Orde da consellería de adscrición no Instituto do correspondente plan anual de actuación, no que se priorizan e concretan as medidas a seguir cada anualidade, dentro do marco da estratexia galega e da participación como comunidade autónoma na estratexia española e na normativa técnica de aplicación.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 282406f8-3935-0534-10c7-ead7b6d07095
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:33
Nº Rexistro: 20496
Data envio: 19/02/2025 13:50:33.906

O Goberno galego xa ten dita estratexia como instrumento, a medio prazo, que ordena e contempla seis obxectivos estratéxicos, seis principios informadores que desenvolve a través de liñas de acción e medidas. Esta estratexia logrou un consenso unánime e estase a traballar conxuntamente para a súa execución, principalmente, a través dos plans anuais do ISSGA que tamén se someten a consideración dos axentes sociais.

En canto aos criterios de selección dos sectores ou actividades produtivas para actuar por parte do ISSGA, destácanse os seguintes: o elevado risco, a alta sinistralidade, a importancia e tradición no noso tecido empresarial e a cantidade de xente ocupada.

Todos os sectores mencionados na iniciativa intégranse, polo tanto, no plan de actuación do ISSGA con campañas específicas. Débese lembrar que tamén hai campañas específicas por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) que, en moitos casos, se desenvolven conxuntamente con persoal técnico do ISSGA.

Algúns exemplos de campañas para este ano 2025 son os seguintes:

- Campaña para a redución dos accidentes por caída de altura en construción e industria.
- Prevención fronte ao esmagamento e cortes nas mans por maquinaria.
- Prevencións de riscos na escada.
- Prevención de riscos laborais no transporte.
- Usos dos EPI no posto de traballo no sector forestal.
- Condicións de seguridade dos equipos de traballo, utilización de medios de salvamento e de equipos de protección individual.

Ademais, e tal e como apuntan, cómpre destacar o afán do Goberno galego levando esta materia ao seo do DSG, sendo un dos aspectos tratados nas xuntanzas deste organismo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-zcHPoin2gd-UsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 282406f8-3935-0534-10c7-ead7b6d07095
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:33
**Nº Rexistro: 20496**
Data envío: 19/02/2025 13:50:33.906

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2025 13:50:33**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:27
Nº Rexistro: 20495
Data envío: 19/02/2025 13:50:27.359
Data 19/02/2025 13:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9800**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas que pensa desenvolver o Goberno galego na loita contra a sinistralidade laboral, a incorporación desta materia á mesa de diálogo social, así como a consideración da perspectiva de xénero e o impacto da transición dixital, demográfica e ecolóxica"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta cunha estratexia consensuada por todos os axentes sociais, denominada Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, que se concreta, principalmente, nos plans anuais de actuación do ISSGA, que tamén contan coa participación activa e o consenso das interlocutores sociais.

Dita estratexia, respecto aos novos escenarios derivados das transicións dixital, demográfica e ecolóxica, contempla medidas para xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e avanzar cara unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral, incidindo especialmente na prevención dos riscos psicosociais e ergonómicos e abordando temáticas como a xestión da idade, o teletraballo, a desconexión dixital ou os riscos derivados dos cambios ambientais, entre outros.

En concreto, no plan de actuación do ISSGA 2025, recóllense, entre outras, as seguintes actuacións:

- Actuacións no marco do Laboratorio de riscos psicosociais, que foi creado no ano 2024 xunta coa Universidade de Santiago de Compostela como un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á prevención de riscos laborais na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.

- Difusión da Guía Camiñando, desde a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo.

- Campañas sobre medidas no teletraballo, uso seguro de dispositivos móbiles, dixitalización e xestión da idade.

- Impulso de programas de promoción da saúde nas pemes mediante a Guía de claves ISSGA: Saúde integral e benestar laboral, para incidir nun traballo que tenda ao benestar físico e emocional e que sexa a base para a creación de empresas seguras e saudables.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-pxzm12g6UsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 81825d55-2171-8340-f810-c90603b41a36
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/02/2025 13:50:23

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:27
Nº Rexistro: 20495
Data envio: 19/02/2025 13:50:27.359

• Campaña sobre recomendacións preventivas contra a caída de altura na colocación e mantemento de paneis solares en cuberta.

• Campaña sobre traballo e calor para dar a coñecer os riscos e as medidas preventivas fronte ás elevadas temperaturas.

A integración da perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais (PRL) é un principio fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e a protección da seguridade e saúde no traballo. Esta integración non só é un imperativo ético e legal, senón tamén unha estratexia efectiva para mellorar a seguridade e saúde laboral, debido á evidencia crecente de que os riscos laborais e as patoloxías causadas por eles afectan de maneira desigual aos homes e ás mulleres.

Entre as funcións do ISSGA, está a de promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos riscos laborais, co obxecto de detectar e de previr as posibles situacións en que os danos derivados do traballo, poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras. Tamén conta cunha Comisión para a integración da igualdade nas políticas de PRL coa participación dos interlocutores sociais.

Destacar tamén todas aquelas campañas dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral e as actuacións prioritarias de información e formación en actividades altamente feminizadas, como poder ser as redeiras e mariscadoras, ás que se lles presta axuda continua para a correcta identificación das enfermidades profesionais relacionadas coa profesión, así como as coidadoras de persoas con dependencia, con formación teórico-práctica sobre técnicas de mobilización de pacientes e sobre a prevención dos riscos biolóxicos e psicosociais, entre outros.

Neste ano 2025 realizarase un estudo de análise da sinistralidade laboral en sectores masculinizados.

A estratexia mencionada con anterioridade foi o resultado do traballo conxunto das organizacións sindicais e empresarial de Galicia que, presentado como documento inicial un borrador encargado ao ISSGA, foi obxecto das achegas e as melloras que deron cun marco estratéxico consensuado por todos os actores laborais de Galicia, considerándoa non só unha estratexia da Xunta de Galicia, senón un documento de todas as organizacións con representatividade das persoas traballadoras e das empresas.

Asemade, cada no correspóndelle ao Consello Reitor do ISSGA, no que teñen representación as organizacións sindicais e empresarial de Galicia, acordar a proposta para a súa aprobación por Orde da consellería de adscrición no Instituto do correspondente plan anual de actuación, no que se priorizan e concretan as medidas a seguir cada anualidade, dentro do marco da estratexia galega e da participación como comunidade autónoma na estratexia española e na normativa técnica de aplicación.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 81825d55-2171-8340-f810-c90603b41a36
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:27
Nº Rexistro: 20495
Data envío: 19/02/2025 13:50:27.359

O Goberno galego xa ten dita estratexia como instrumento, a medio prazo, que ordena e contempla seis obxectivos estratéxicos, seis principios informadores que desenvolve a través de liñas de acción e medidas. Esta estratexia logrou un consenso unánime e estase a traballar conxuntamente para a súa execución, principalmente, a través dos plans anuais do ISSGA que tamén se someten a consideración dos axentes sociais.

En canto aos criterios de selección dos sectores ou actividades produtivas para actuar por parte do ISSGA, destácanse os seguintes: o elevado risco, a alta sinistralidade, a importancia e tradición no noso tecido empresarial e a cantidade de xente ocupada.

Todos os sectores mencionados na iniciativa intégranse, polo tanto, no plan de actuación do ISSGA con campañas específicas. Débese lembrar que tamén hai campañas específicas por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) que, en moitos casos, se desenvolven conxuntamente con persoal técnico do ISSGA.

Algúns exemplos de campañas para este ano 2025 son os seguintes:

- Campaña para a redución dos accidentes por caída de altura en construción e industria.
- Prevención fronte ao esmagamento e cortes nas mans por maquinaria.
- Prevencións de riscos na escada.
- Prevención de riscos laborais no transporte.
- Usos dos EPI no posto de traballo no sector forestal.
- Condicións de seguridade dos equipos de traballo, utilización de medios de salvamento e de equipos de protección individual.

Ademais, e tal e como apuntan, cómpre destacar o afán do Goberno galego levando esta materia ao seo do DSG, sendo un dos aspectos tratados nas xuntanzas deste organismo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-zm12gdJsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 81825d55-2171-8340-f810-c90603b41a36
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 13:50:27
Nº Rexistro: 20495
Data envio: 19/02/2025 13:50:27.359

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2025 13:50:26**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 9997**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, don Brais Ruanova Vilas-Boas e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"o conflito laboral xurdido na empresa concesionaria da ITV, a dispoñibilidade dos pregos de contratación deste servizo e a eventual participación da Xunta de Galicia na consecución dun acordo entre as partes negociadoras"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O conflito laboral xurdido na empresa concesionaria da ITV, *SYC APPLUS*, levou á negociación do convenio colectivo da empresa que, con data 22 de novembro de 2024, concluíron as negociacións do convenio colectivo con acordo entre a representación da empresa e a dos traballadores e traballadoras, publicándose no DOG o pasado mércores, 15 de xaneiro de 2025.

A resolución do 17 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación co convenio colectivo da empresa Supervisión y Control, S.A., con código de convenio 82100012012012, resolveu o seguinte:

- *Primeiro*. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Regcon), creado mediante a Orde de 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, de 18 de novembro).

- *Segundo*. Dispoñer a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Visto o texto do convenio colectivo da empresa, que se subscribiu en data 22 de novembro de 2024, entre a representación da empresa Supervisión y Control, S.A. e a representación legal dos traballadores e traballadoras das centrais sindicais CIG, UGT e CC.OO., e de conformidade co disposto no artigo 90, apartados 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre o rexistro e o depósito de convenios colectivos, os acordos colectivos de traballo e os plans de igualdade.

Enderezo á publicación no DOG: DOG 9 del 15/1/2025 - RESOLUCIÓN de 17 de diciembre de 2024, de la Secretaría General de Empleo y Relaciones Laborales, por la que se dispone la inscripción en el registro y la publicación del convenio colectivo de la empresa Supervisión y Control, S.A., código del convenio 82100012012012".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGPeplZ7UsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 44a993b9-9d91-f1d0-77a3-55ca04359546
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 21:54:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20413
Data envio: 18/02/2025 21:54:37.611

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 44a993b9-9d91-f1d0-77a3-55ca04359546
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:54:37**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20182
Data envio: 14/02/2025 15:07:23.151
Data 14/02/2025 15:07

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10099**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á realización de melloras nas estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á realización de melloras nas estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove

Na iniciativa recóllense unha serie de eivas nas estradas PO-316 e PO-317 no Grove das que cabe sinalar que unha parte corresponden ao propio concello do Grove, como é a iluminación. En canto a firme, as actuacións da Axencia Galega de Infraestruturas sobre a rede autonómica de estradas se programan por un estrito criterio técnico, en función do estado do firme, do tráfico que se rexistra, e da incidencia na seguridade viaria.

Cómpre sinalar ao respecto que nin a PO-316 nin a PO-317 contan con ningún treito de concentración de accidentes de acordo cos datos de sinistralidade da Dirección Xeral de Tráfico. Ademais, a AXI executa un gran número de actuacións nas estradas do Grove, que suman máis de 300.000 euros no últimos dous anos e estanse ademais redactando un proxecto de rehabilitación de firme de cara a súa execución nos anos 2025 ou 2026, que prevé continuar mellorando o firme da PO-316, que polas características do tráfico é a que sufre un maior desgaste".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 73dc2e21-19b7-b858-88e4-48a102d790c4
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:07:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20182
Data envio: 14/02/2025 15:07:23.151

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:07:22**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10101**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Carlos López Font, sobre **"as razóns do estado das estradas PO-299 e PO-307 na Illa de Arousa e o prazo en que o Goberno galego prevé a execución de obras de rehabilitación e mellora nestas vías"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"As estradas PO-307 e PO-299 pertencen á rede de estradas da Xunta de Galicia. Sobre elas realízanse os traballos de conservación precisos, de acordo coas prioridades que marca o persoal técnico da Xunta de Galicia, e ademais trabállase para unha mellora da funcionalidade e seguridade das vías autonómicas, especialmente para os usuarios máis vulnerables, polo que non é certo que non se fixeran sobre elas actuacións desde 2010. En concreto:

Na PO-307 actuouse en 2020 e 2021 coa obra "Itinerario peonil e ciclista nas estradas PO-307, treito Deiro - Ponte da Illa de Arousa (p.q. 0+000 a 1+650) e PO-549, treito Tarrío - Cores (p.q. 6+200 a 7+200)" (PO/16/101.06) , na que se investiron 1.430.912,11 € e que supuxo a habilitación dunha senda peonil e ciclista ao longo da PO-307, ademais de mellorarse a seguridade viaria en todo o ámbito de actuación. En concreto, executouse a senda pola marxe esquerda da estrada no tramo comprendido entre o PQ 0 (glorieta de intersección coa PO-549 e coa PO-530) e o 1+640 (ponte da Illa de Arousa); neste punto, o novo itinerario peonil e ciclista conecta co itinerario peonil e ciclista existente na ponte da Illa de Arousa, e tamén coa executada na PO-306 entre Vilanova de Arousa e A Illa de Arousa. Entre 2018 e 2020 executáronse 4 actuacións de conservación extraordinaria na PO-307, dúas delas na ponte.

Ademais, estase a redactar un proxecto para a rehabilitación de firme de varias estradas, entre elas a PO-307 na Illa e Vilanova, no marco do Plan de Reforzos de Firmes en estradas autonómicas da Xunta de Galicia.

En canto á PO-299 está previsto que se leven adiante actuacións de conservación que serán priorizadas dende o punto de vista técnico polo persoal da Axencia Galega de Infraestruturas, no marco das necesidades globais de conservación da rede autonómica de estradas".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGuedWydUsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 21d53ce4-6817-9669-b285-28186bc17b91
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:06:01

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20180
Data envio: 14/02/2025 15:06:05.728

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 21d53ce4-6817-9669-b285-28186bc17b91
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20180
Data envio: 14/02/2025 15:06:05.728

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:06:05**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20533
Data envío: 19/02/2025 22:51:05.415
Data 19/02/2025 22:51

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 10222**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a actitude do Goberno galego ante as peticións de información e dunha reunión por parte da representación legal do persoal da empresa concesionaria das ITV"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O conflito laboral xurdido na empresa concesionaria da ITV, SYC APPLUS, levou á negociación do convenio colectivo da empresa que, con data 22 de novembro de 2024, concluíron as negociacións do convenio colectivo con acordo entre a representación da empresa e a dos traballadores e traballadoras, publicándose no DOG o pasado mércores, 15 de xaneiro de 2025.

A resolución do 17 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación co convenio colectivo da empresa Supervisión y Control, S.A., con código de convenio 82100012012012, resolveu o seguinte:

- Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Regcon), creado mediante a Orde de 29 de outubro de 2010 (DOG n.º 222, de 18 de novembro).
- Segundo. Dispoñer a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Visto o texto do convenio colectivo da empresa, que se subscribiu en data 22 de novembro de 2024, entre a representación da empresa Supervisión y Control, S.A. e a representación legal dos traballadores e traballadoras das centrais sindicais CIG, UGT e CC.OO., e de conformidade co disposto no artigo 90, apartados 2 e 3, do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre o rexistro e o depósito de convenios colectivos, os acordos colectivos de traballo e os plans de igualdade.

Enderezo á publicación no DOG: DOG 9 del 15/1/2025 - RESOLUCIÓN de 17 de diciembre de 2024, de la Secretaría General de Empleo y Relaciones Laborales, por la que se dispone la inscripción en el registro y la publicación del convenio colectivo de la empresa Supervisión y Control, S.A., código del convenio 82100012012012".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
CVE-PREPAR: d43d1b54-3c24-cab3-ec28-62b5db716425



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/02/2025 22:51:01

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20533
Data envio: 19/02/2025 22:51:05.415

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: d43d1b54-3c24-cab3-ec28-62b5db716425
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20533
Data envio: 19/02/2025 22:51:05.415

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2025 22:51:05**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 11065**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Oscar Insua Lema, sobre **"as razóns da ausencia de mulleres nas xornadas anunciadas para o 19 de setembro e organizadas co obxectivo de presentar os estudos promovidos polo Goberno galego relativos á planta local galega"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"O Congreso celebrado o día 19 de setembro de 2024 foi un gran éxito, xa que reabriu o debate sobre a necesidade de abordar o problema da planta local galega e permitiu analizar as distintas formas de cooperación intermunicipal coas que facilitar e garantir prestación de servizos á cidadanía, en especial nos concellos de menor poboación.

O programa e a elección dos poñentes do Congreso sobre "A Reforma do mapa municipal de Galicia" estivo condicionado polas persoas que participaron na elaboración do informe que se presentaba e sobre o que se debatía, e que, ademais, foron previamente designadas polas Universidades Galegas e a Fundación Juana de Vega".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 2a4ccbe5-4df4-67a0-b291-4bd3e682d1d8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 21:54:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20412
Data envio: 18/02/2025 21:54:31.283

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:54:30**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20422
Data envio: 18/02/2025 21:57:55.815
Data 18/02/2025 21:57

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 12301**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Oscar Insua Lema e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a situación da función pública local en Galicia e a solicitude ao Goberno central da transferencia das competencias para a creación e xestión dun corpo galego de funcionarios ao servizo da Administración local"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia é plenamente consciente da importancia do desempeño das funcións reservadas nos concellos galegos aos habilitados e perfectamente coñecedora de que a súa falta pode ocasionar unha indesexable paralización da vida municipal.

O Goberno galego considera totalmente imprescindible que se garanta a cobertura de todas as prazas vacantes na nosa comunidade por parte do Goberno central, que é o que ten a competencia para a aprobación da oferta de emprego público, selección, formación e habilitación destes funcionarios.

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 09f41cc8-1c33-1cb1-92a1-1f1422cf2d22
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 14/02/2025 15:04:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 20174
Data envio: 14/02/2025 15:04:08.634

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 14/02/2025 15:04:08**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15172**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"a situación actual do emprego xuvenil en Galicia e as medidas que pensa levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar neste ámbito os datos do desemprego, da fenda salarial entre menores e maiores de 35 anos e da terciarización"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A mocidade galega é o mellor activo da nosa comunidade autónoma. Neste respecto, se Galicia acada a cifra de paro máis baixa nun mes de xaneiro de toda a serie histórica (desde 1996), cun total de 121.320 persoas, esta situación tamén se traduce entre as persoas menores de 30 anos de idade cuxa taxa de paro reduciuse nun 4,1%, rexistrando a cifra máis baixa desde que hai rexistros (2005), cun total de 13.909 persoas mozas. Asemade, cómpre destacar que Galicia non só é a 4ª comunidade que máis baixa o paro no último ano en termos relativos, senón que o fai a un ritmo maior que España (Galicia: -7,46% | España: -6,08%).

A taxa de paro nos menores de 30 anos quedan nun 18,1%, un punto inferior á estatal (19,1%).

Ademais, se atendemos aos datos da Enquisa da Poboación Activa (EPA) no 4º trimestre de 2024, aumenta a ocupación das persoas mozas con respecto a hai un ano. E, en xeral, a cifra de ocupados, con 1.153.000, é a máis alta nun 4º trimestre desde 2009.

A estes efectos, queremos incidir nestes bos datos, polo que estamos a traballar nunha estratexia de emprego xuvenil, a ***Estratexia Mocidade Activa*** que, como xa se comentou en ocasións anteriores, precisamente, no Parlamento de Galicia, **está dotada con 20 millóns de euros soamente por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, co fin de optimizar a proxección de futuro dos nosos mozos e mozas.

Así, o obxectivo desta estratexia é mellorar a situación vital das persoas mozas galegas e a súa empregabilidade a través de programas de fomento da contratación, entre outras iniciativas. Así mesmo, nela inclúense todas aquelas achegas do Goberno galego encamiñadas ao impulso do emprego xuvenil en Galicia:

- ***Programa Cooperas***, con arredor de 12 millóns de euros para favorecer o emprego público institucional para persoas desempregadas e, nomeadamente, a contratación de persoas mozas (8 millóns de euros son, especificamente, en favor das persoas mozas a través de incentivos para a súa contratación).

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-Wo6zt4sW-5
Verificación: CVE-PREPAR: b98dacf9-45e9-da14-4007-4a6e56fe6bf3
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 22:16:39

- ***Programa primeira experiencia profesional das persoas mozas***, cun orzamento de 6,3 millóns de euros para impulsar a súa contratación a través da formalización de contratos de formación para a obtención de práctica profesional ou de contratos de formación en alternancia, promovendo a retención do talento mozo na comunidade.

- ***Programa Investigo***, con especial énfase naqueles contratos de investigadores e tecnólogos menores de 30 anos, persoal técnico e outros profesionais en I+D+i, cun orzamento global de 4,8 millóns de euros.

- ***Galicia Emprega Moz@s***, cuxo presuposto acada, neste ano 2025, uns 3,5 millóns de euros para favorecer a contratación de persoas desempregadas con maiores dificultades de inserción laboral (entre elas, as persoas mozas menores de 30 anos de idade). Neste respecto, cómpre sinalar que xa saíu publicada a orde completa do Galicia Emprega no DOG, asociada a un montante de preto de 20 millóns de euros.

- ***Programa de apoio ao emprendemento a través do talento novo*** para favorecer a conexión entre mozos e mozas universitarios con empresas ou persoas emprendedoras usuarias da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego. Isto será posible coa sinatura dun convenio por valor de preto de 400.000 euros coas tres universidades galegas, no seo do cal se levarán a cabo actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento, establecendo a contorna de referencia que facilite unha acción coordinada coa finalidade de fomentar a cultura emprendedora dentro deste ámbito. Esta iniciativa poder ser de interese, ademais, para aquelas persoas retornadas que estean en previsión de percibir unha BEME.

En adición, a Xunta de Galicia está plenamente comprometida coa prosperidade e o futuro do tecido produtivo e das persoas traballadoras autónomas, favorecen ao colectivo na medida do posible e **impulsando a actividade por conta propia -tamén entre os menos de 30 anos, incentivando que vexan emprender como unha alternativa atractiva e verdadeiramente efectiva para medrar**-.

Neste sentido, queremos ser unha Administración facilitadora, poñendo a disposición das persoas autónomas, axudas, tanto para manter como para motivar a actividade. Estas axudas enmárcanse na **Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027**, que rexe as políticas públicas de apoio ao traballo autónomo durante os próximos anos, para fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos.

Entre as axudas ao traballo autónomo -ademais das achegas para o mantemento da actividade como son as axudas ao asociacionismo autónomo (350.000€); o Bono das persoas autónomas (16M€); as axudas pola contratación indefinida do primeiro, segundo e terceiro traballador/a (2,7M€) ou o apoio á conciliación (2M€), entre outros-, atópanse **axudas específicas para o inicio da actividade. Isto é, axudas ás**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-Ew0Ddd3sW-5
Verificación: CVE-PREPAR: b98dacf9-45e9-da14-4007-4a6e56fe6bf3
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**<u>que poden optar as persoas que queiran emprender unha actividade ou traballar por conta propia, co foco posto naquelas persoas menores de 30 anos.</u>**

Destacamos as seguintes achegas que convocamos, neste 2025, nun paquete único de 40M€, co fin de avanzar na simplificación e axilización das solicitudes, minorando a carga burocrática dos autónomos e autónomas (tamén daqueles menores de 30):

(1) Implantación da cota cero

(2) Programa de Promoción ao Emprego Autónomo

(3) Apoio da Rede de polos de emprendemento

(4) Bono Remuda

(5) Bono Autónomo

(6) Bono Nova Oportunidade

(7) Conciliación das persoas traballadoras autónomas

Neste eido, cómpre facer alusión ao **programa de actividades, en colaboración coa *Asociación de Xoves Empresarios* (AJE), para o fomento do emprendemento e traspaso de negocios**. Trátase dunha serie de actuacións encamiñadas a facilitar o relevo xeracional á fronte dos negocios que vertebran o noso territorio, sobre todo, de cara ao rural e enfocadas á mocidade empresaria e emprendedora.

Por outra banda, os resultados da **<u>Estatística de Migracións e Cambios de residencia de 2023</u>** do INE volven demostrar a **<u>eficacia das políticas de retorno impulsadas pola Xunta</u>** no marco **da Estratexia Galicia Retorna**, así como a **<u>capacidade para atraer talento de terceiros países</u>**. Este labor, en <u>conxunción coas medidas destinadas a potenciar a forza laboral interna</u>, son clave para cubrir vacantes e combater o reto demográfico.

Galicia continúa a gañar poboación e volve rexistrar **<u>cifras históricas de saldo migratorio</u>, con 25.738 persoas**.

Este saldo positivo foino tanto no referido aos **países estranxeiros** (23.337 persoas) como no relativo ao resto de **CCAA** (2.401 persoas).

En canto ao retorno, Galicia marca, por 3º ano consecutivo, un novo récord histórico, con **<u>preto de 8.500 galegos do exterior e descendentes</u>** que decidiron regresar á súa terra de orixe.

A cifra está acompañado tamén dun **<u>aumento do número de persoas que chegan desde o estranxeiro</u>**, que ascendeu ata as 39.415 persoas.

As nacionalidades de procedencia máis destacadas son: **Venezuela, Colombia, Perú, Brasil, Portugal, Cuba, Marrocos e Arxentina**.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGWvFzVdtsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: b98dacf9-45e9-da14-4007-4a6e56fe6bf3
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En Galicia, non só contamos co mellor escenario económico posible, senón que temos ferramentas en activo absolutamente eficaces para facer fronte ao reto demográfico e á cobertura de vacantes da nosa comunidade, eido no que afondaremos coa materialización de ata dúas feiras de emprego na Arxentina e Uruguai en marzo de 2025.

Así mesmo, lembramos que a Oficina Económica de Galicia non é competencia da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: b98dacf9-45e9-da14-4007-4a6e56fe6bf3
CSV: BOPGDSPGVx0Zq8lsW-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20425
Data envio: 18/02/2025 22:16:43.494

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 22:16:42**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20539
Data envio: 19/02/2025 22:57:41.917
Data 19/02/2025 22:57

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 15387**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as razóns da retirada das máquinas que funcionan como puntos de información do Servizo Público de Emprego de Galicia en numerosos concellos e oficinas de emprego, as consecuencias desta medida e as alternativas ao servizo que prestaban"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"As principais razóns da substitución, non retirada, destes dispositivos, son dúas:

- O cumprimento da normativa de protección de datos.
- A modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A Axencia de Protección de datos comunicoulle á Amtega a necesidade de adaptar os procesos de autenticación que empregaban, entre outros, estes dispositivos. Por este motivo, desde as direccións territoriais notificouse a retirada destes caixeiros aos concellos afectados.

A modernización do Servizo Público de Emprego, que xa se vén desenvolvendo nos últimos anos mediante melloras na oficina virtual das persoas demandantes, con moitos máis trámites á súa disposición (renovacións da demanda de emprego, informes, recuperación de demandantes de emprego, confirmación de dispoñibilidade nas ofertas, solicitude de servizos e asistencia Eures, entre outros) e na oficina virtual de empresas, precisaba tamén unha actuación sobre os anteriores dispositivos que desempeñaban un papel moi limitado na actividade diaria das oficinas de emprego.

Isto pódese observar nos datos de uso, que amosa unha incidencia totalmente residual na actividade das persoas demandantes. Isto podería deberse a que eran equipos que permitían o acceso á web de emprego, do mesmo xeito que un navegador web de calquera dispositivo, polo que a maioría das persoas usuarias non empregaban esta vía, tendo a posibilidade de acceder ao portal con máis comodidade e facilidade de navegación desde un navegador web.

Ademais, desde o ano 2020, a renovación da demanda de emprego realízase de xeito telefónico ou telemático a través do portal de emprego, grazas ao novo PIN que se habilita coa inscrición no SPEG, o que provocou unha simplificación extraordinaria do principal trámite que se realizaba nestes dispositivos.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 990c5591-8216-a268-7e72-bceeb3e29464
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/02/2025 22:57:38

Desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración continuamos a traballar na modernización do SPEG e estanse a desenvolver novos puntos de acceso á oficina virtual, que cumprirán con todos os requisitos de autenticación indicados pola Axencia de Protección de datos para adecuarse á normativa vixente nesta materia.

Os novos dispositivos responderán moito mellor ás necesidades das persoas que sofren, en maior medida, a fenda dixital, e poidan requirir unha comparecencia presencial para resolver os seus trámites, xa que son puntos de acceso rápido ás diferentes opcións da oficina virtual que máis se empregan polas persoas demandantes (renovación e alta de demanda de emprego, emisión de informes ou solicitude de cita previa).

Cunha interface moito máis amigable e sinxela, permitirán a realización dos trámites dunha forma moito máis rápida, premendo opción desexada e autenticándose mediante varias opcións (código QR, PIN do DARDE ou SMS), sen ser necesaria unha navegación a través do portal de emprego para atopar a opción desexada, como se requiría nos dispositivos anteriores.

Ademais, estes puntos de acceso á oficina virtual de emprego permitirán realizar accións sen necesidade de ter credenciais para a oficina virtual (para o que se require un correo electrónico), polo que se adaptan moito mellor ás necesidades das súas potenciais persoas usuarias.

O obxectivo do SPEG é prestar, con eficiencia, os servizos de orientación, emprendemento, formación para o emprego e intermediación ás persoas demandantes de emprego, ademais de simplificar os trámites que deba realizar a cidadanía coa oficina de emprego, prestando especial atención ás persoas usuarias residentes no rural para o que contamos con 54 oficinas de emprego, con atención presencial repartidas por todo o territorio autonómico".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

Verificación: CVE-PREPAR: 990c5591-8216-a268-7e72-bceeb3e29464
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20539
Data envio: 19/02/2025 22:57:41.917

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/02/2025 22:57:41**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20433
Data envío: 18/02/2025 22:19:32.902
Data 18/02/2025 22:19

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16263**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández, dona Ariadna Fernández González e dona Sonia Vidal Lamas, sobre **"o acordo de libre comercio UE-Mercosur e as medidas previstas polo Goberno galego orientadas á salvagarda do sector agrogandeiro galego ante a ameaza que supón o devandito acordo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 16261 e debatida no Pleno do 29 de xaneiro de 2025, á que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O Pleno pode ser consultado na seguinte ligazón:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzI5NzQ4MTQtMzU2Ni00N2Y1LTg0YWQtNGZkYzgyZDI4NThj".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 7a8759d8-7204-1be3-ebe0-8788ca390c42
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 22:19:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20433
Data envio: 18/02/2025 22:19:32.902

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 22:19:32**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20432
Data envío: 18/02/2025 22:19:25.855
Data 18/02/2025 22:19

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 16456**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as medidas que prevé poñer en marcha o Goberno galego en materia de crecemento económico e de emprego"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A mocidade galega é o mellor activo da nosa comunidade autónoma. Neste respecto, se Galicia acada a cifra de paro máis baixa nun mes de xaneiro de toda a serie histórica (desde 1996), cun total de 121.320 persoas, esta situación tamén se traduce entre as persoas menores de 30 anos de idade cuxa taxa de paro reduciuse nun 4,1%, rexistrando a cifra máis baixa desde que hai rexistros (2005), cun total de 13.909 persoas mozas. Asemade, cómpre destacar que Galicia non só é a 4ª comunidade que máis baixa o paro no último ano en termos relativos, senón que o fai a un ritmo maior que España (Galicia: -7,46% | España: -6,08%).

Ademais, se atendemos aos datos da Enquisa da Poboación Activa (EPA) no 4º trimestre de 2024, aumenta a ocupación das persoas mozas con respecto a hai un ano. E, en xeral, a cifra de ocupados, con 1.153.000, é a máis alta nun 4º trimestre desde 2009.

A estes efectos, queremos incidir nestes bos datos, polo que estamos a traballar nunha estratexia de emprego xuvenil, a ***Estratexia Mocidade Activa*** que, como xa se comentou en ocasións anteriores, precisamente, no Parlamento de Galicia, **está dotada con 20 millóns de euros soamente por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, co fin de optimizar a proxección de futuro dos nosos mozos e mozas.

Así, o obxectivo desta estratexia é mellorar a situación vital das persoas mozas galegas e a súa empregabilidade a través de programas de fomento da contratación, entre outras iniciativas. Así mesmo, nela inclúense todas aquelas achegas do Goberno galego encamiñadas ao impulso do emprego xuvenil en Galicia:

- ***Programa Cooperas***, con arredor de 12 millóns de euros para favorecer o emprego público institucional para persoas desempregadas e, nomeadamente, a contratación de persoas mozas (8 millóns de euros son, especificamente, en favor das persoas mozas a través de incentivos para a súa contratación).

- ***Programa primeira experiencia profesional das persoas mozas***, cun orzamento de 6,3 millóns de euros para impulsar a súa contratación a través da formalización de contratos de formación para a obtención de práctica profesional ou de contratos de formación en alternancia, promovendo a retención do talento mozo na comunidade.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGCYvMgVLsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: e21f4c26-c6c7-f8c9-bea6-86dab1284da4
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 22:19:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20432
Data envío: 18/02/2025 22:19:25.855

- ***Programa Investigo***, con especial énfase naqueles contratos de investigadores e tecnólogos menores de 30 anos, persoal técnico e outros profesionais en I+D+i, cun orzamento global de 4,8 millóns de euros.

- ***Galicia Emprega Moz@s***, cuxo presuposto acada, neste ano 2025, uns 3,5 millóns de euros para favorecer a contratación de persoas desempregadas con maiores dificultades de inserción laboral (entre elas, as persoas mozas menores de 30 anos de idade). Neste respecto, cómpre sinalar que xa saíu publicada a orde completa do Galicia Emprega no DOG, asociada a un montante de preto de 20 millóns de euros.

- ***Programa de apoio ao emprendemento a través do talento novo*** para favorecer a conexión entre mozos e mozas universitarios con empresas ou persoas emprendedoras usuarias da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego. Isto será posible coa sinatura dun convenio por valor de preto de 400.000 euros coas tres universidades galegas, no seo do cal se levarán a cabo actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento, establecendo a contorna de referencia que facilite unha acción coordinada coa finalidade de fomentar a cultura emprendedora dentro deste ámbito. Esta iniciativa poder ser de interese, ademais, para aquelas persoas retornadas que estean en previsión de percibir unha BEME.

En adición, a Xunta de Galicia está plenamente comprometida coa prosperidade e o futuro do tecido produtivo e das persoas traballadoras autónomas, favorecen ao colectivo na medida do posible e **impulsando a actividade por conta propia -tamén entre os menos de 30 anos, incentivando que vexan emprender como unha alternativa atractiva e verdadeiramente efectiva para medrar**-.

Neste sentido, queremos ser unha Administración facilitadora, poñendo a disposición das persoas autónomas, axudas, tanto para manter como para motivar a actividade. Estas axudas enmárcanse na **Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027**, que rexe as políticas públicas de apoio ao traballo autónomo durante os próximos anos, para fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade dos novos proxectos.

Entre as axudas ao traballo autónomo -ademais das achegas para o mantemento da actividade como son as axudas ao asociacionismo autónomo (350.000€); o Bono das persoas autónomas (16M€); as axudas pola contratación indefinida do primeiro, segundo e terceiro traballador/a (2,7M€) ou o apoio á conciliación (2M€), entre outros-, atópanse **axudas específicas para o inicio da actividade. Isto é, axudas ás que poden optar as persoas que queiran emprender unha actividade ou traballar por conta propia, co foco posto naquelas persoas menores de 30 anos.**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGOYnMgvL5W-5
Verificación: CVE-PREPAR: e21f4c26-c6c7-f8c9-bea6-86dab1284da4
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Destacamos as seguintes achegas que convocamos, neste 2025, nun paquete único de 40M€, co fin de avanzar na simplificación e axilización das solicitudes, minorando a carga burocrática dos autónomos e autónomas (tamén daqueles menores de 30):

(1) Implantación da cota cero

(2) Programa de Promoción ao Emprego Autónomo

(3) Apoio da Rede de polos de emprendemento

(4) Bono Remuda

(5) Bono Autónomo

(6) Bono Nova Oportunidade

(7) Conciliación das persoas traballadoras autónomas

Neste eido, cómpre facer alusión ao **programa de actividades, en colaboración coa *Asociación de Xoves Empresarios* (AJE), para o fomento do emprendemento e traspaso de negocios**. Trátase dunha serie de actuacións encamiñadas a facilitar o relevo xeracional á fronte dos negocios que vertebran o noso territorio, sobre todo, de cara ao rural e enfocadas á mocidade empresaria e emprendedora.

Por outra banda, os resultados da **Estatística de Migracións e Cambios de residencia de 2023** do INE volven demostrar a **eficacia das políticas de retorno impulsadas pola Xunta** no marco **da Estratexia Galicia Retorna**, así como a **capacidade para atraer talento de terceiros países**. Este labor, en conxunción coas medidas destinadas a potenciar a forza laboral interna, son clave para cubrir vacantes e combater o reto demográfico.

Galicia continúa a gañar poboación e volve rexistrar **cifras históricas de saldo migratorio, con 25.738 persoas**.

Este saldo positivo foino tanto no referido aos **países estranxeiros** (23.337 persoas) como no relativo ao resto de **CCAA** (2.401 persoas).

En canto ao retorno, Galicia marca, por 3º ano consecutivo, un novo récord histórico, con **preto de 8.500 galegos do exterior e descendentes** que decidiron regresar á súa terra de orixe.

A cifra está acompañado tamén dun **aumento do número de persoas que chegan desde o estranxeiro**, que ascendeu ata as 39.415 persoas.

As nacionalidades de procedencia máis destacadas son: **Venezuela, Colombia, Perú, Brasil, Portugal, Cuba, Marrocos e Arxentina**.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGGYnVgvUL5W-5
Verificación: CVE-PREPAR: e21f4c26-c6c7-f8c9-bea6-86dab1284da4
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20432
Data envio: 18/02/2025 22:19:25.855

En Galicia, non só contamos co mellor escenario económico posible, senón que temos ferramentas en activo absolutamente eficaces para facer fronte ao reto demográfico e á cobertura de vacantes da nosa comunidade, eido no que afondaremos coa materialización de ata dúas feiras de emprego na Arxentina e Uruguai en marzo de 2025.

Así mesmo, lembramos que a Oficina Económica de Galicia non é competencia da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: e21f4c26-c6c7-f8c9-bea6-86dab1284da4
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20432
Data envio: 18/02/2025 22:19:25.855

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 22:19:25**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20431
Data envío: 18/02/2025 22:19:18.745
Data 18/02/2025 22:19

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17214**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo, dona Noa Presas Bergantiños e don Brais Ruanova Vilas-Boas, sobre **"a suba do salario mínimo interprofesional, a situación salarial en Galicia e o cumprimento das recomendacións da Carta Social Europea"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O Salario Mínimo Interprofesional (SMI) foi, tradicionalmente, obxecto de acordo no marco do proceso do Diálogo Social de Galicia, aínda que o Goberno do Estado se desvinculase deste parte, chegando a un pacto, unicamente, coa parte sindical. Neste sentido, a subida suporá que o SMI quede fixado en 1.184 euros mensuais por catorce pagas, acorde coa proposta do Comité de Expertos do *Ministerio de Trabajo y Economía Social* do Goberno Central.

En canto aos datos solicitados, o Instituto Galego de Estatística (IGE) recolle na súa páxina web toda a información procedente da Axencia Tributaria (AEAT), debendo sinalarse que os dous primeiros tramos serían os que recollerían aos traballadores que cobraran o SMI, ou menos, que serían aqueles que soamente traballaran unha determinada fracción do ano, os cales non poderían estar incluídos neste cómputo.

Enderezo: https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?c=0204035001&ruta=verTabla.jsp?COD=601&R=2[all]&C=9928[n0];3[0];1[all]&F=0:2023&OP=1&B=1

Así mesmo e respecto ao dato de cantos dos traballadores que cobren o SMI son menores de 35 anos, o IGE establece unha distribución ou clasificación na súa enquisa de poboación activa, da poboación asalariada en deciles de salario. Nesta distribución debería terse en conta a inclusión de todos os traballadores e traballadoras a tempo parcial ou que traballaran un período de meses ao ano.

Enderezos:

https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?c=0204031002&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8445&R=3[all]&C=1[all];2[all]&F=T[1:0]&S=998:12&c=0204031002

https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&c=0204031002&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8473&R=3[all]&C=T[1:0];4[all]&F=&S=998:12&SCF=&c=0204031002".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPGrtc1uz2dUsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 3bb32957-7285-d260-16f7-8e3726d278e5
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 22:19:14

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20431
Data envio: 18/02/2025 22:19:18.745

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-Ht-tdUz8UsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 3bb32957-7285-d260-16f7-8e3726d278e5
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20431
Data envio: 18/02/2025 22:19:18.745

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 22:19:18**

CSV: [illegible]UsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17929**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego respecto das medidas contidas no Real decreto lei 11/2024, do 23 de decembro, para a mellora da compatibilidade da pensión de xubilación co traballo e o modo en que afectan ao absentismo laboral e ao desemprego xuvenil"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar e respecto á reforma auspiciada polo Real Decreto Lei 11/2024, temos que indicar que, ao contrario que noutras novidades en materia laboral, esta realizouse contando cun acordo, tanto da representación sindical como da patronal, no marco do Diálogo Social.

Por outro lado, ven a concentrarse unha recomendación inserida no Pacto de Toledo pola cal se debe *fomentar a permanencia dos traballadores e traballadoras en activo a través da adaptación e mellora dos incentivos sociais, fiscais e laborais existentes*.

Ante isto, atopámonos ante medidas de fomento para conseguir un atraso no momento de acceso á pensión de xubilación, non un endurecemento da súa obtención.

Esta normativa non casa coa realidade social incontestable que non é outra que o acceso a unha xubilación cada vez máis temperá, o cal concorda cun grande número de medidas que, neste momento, fomentan a xubilación anticipada, o cal devén incongruente co propósito do novo Real Decreto Lei que, en modo algún, supón un gravame para o traballador, deixando a súa vontade ao prolongar a súa vida laboral, debendo ter en conta a mellora na saúde e a calidade de vida que fai que o envellecemento se demore na práctica substancialmente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-rnuht3J5-5
Verificación: CVE-PREPAR: bd339fa0-e896-4f08-0bb5-664ecf5d2cb8
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 22:20:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20435
Data envio: 18/02/2025 22:20:59.824

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 22:20:59**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20434
Data envío: 18/02/2025 22:20:53.918

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 19340**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"o impacto que ten na economía galega a desigualdade das mulleres, a valoración do Goberno galego sobre este feito e as súas previsións en canto á promoción de estudos que o analicen"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está comprometida coa igualdade entre homes e mulleres e, mostra disto, impulsou un espazo dixital dirixido a fomentar, sensibilizar e formar á sociedade na igualdade laboral efectiva entre ambos sexos, a través de accións formativas, recursos e información de actualidade enmarcadas en diferentes ámbitos, como a conciliación e a corresponsabilidade, o rexistro retributivo, o acoso laboral ou o tele-traballo, entre moitas outras.

O *Campus de Igualdade* céntrase en acercar á sociedade á igualdade laboral a través de conceptos e teorías, co fin de comentar a reflexión e un cambio de actitudes e valores que promovan o fin das desigualdades no ámbito laboral.

A partir dos datos, case 8.000 persoas foron adheridas ao campus (o 75% foron mulleres e, o 25%, homes), 6.000 persoas participaron nas formacións (o 77% foron mulleres e, o 23%, homes), impartíronse un total de 95 accións formativas (65 cursos e 30 talleres) e emitíronse 11.044 certificados (o 81% foron mulleres e, o 19%, homes).

En canto á distribución dos participantes segundo a súa ocupación, o 9,14% do total foron autónomos (o 74,24% foron mulleres e, o 25,76%, homes), o 12,72% foron estudantes (o 78,92% foron mulleres e, o 21,08%, homes), o 74,29% foron traballadores por conta allea (o 80,4% foron mulleres e, o 19,6%, homes), así como un 3,83% de persoas desempregadas (o 84,4% foron mulleres e, o 15,6%, homes).

En canto ás categorías laborais con maior representatividade nas formacións, o persoal técnico formou o 37% do total, cunha porcentaxe do 82,89% de mulleres e do 17,11% de homes. O persoal directivo formou o 35% do total, cunha porcentaxe do 77,5% de mulleres e do 22,5% de homes, así como o persoal administrativo, que formou o 14% do total, cunha porcentaxe do 85,86% de mulleres e do 14,14% de homes.

Por último e tendo en conta os sectores laborais con maior representatividade nas formacións, a industria formou o 10,05% do total (o 73% foron mulleres e, o 37%, homes), o sector agroalimentario o 19,22% do total (o 80% foron mulleres e, o 20%, homes) e os servizos profesionais, o 38,77% do total (o 73% foron mulleres e, o 37%, homes).

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CVE-PREPAR: 313127a8-cd94-79f9-b627-e1a28c95b625
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/02/2025 22:20:50

No balance dos últimos anos, pódense destacar os seguintes datos:

- **Anualidade 2021**. 9 cursos impartidos, 2.188 participantes e 1.483 certificados.
- **Anualidade 2022**. 10 cursos impartidos e 9 talleres, 4.817 participantes e 2.779 certificados.
- **Anualidade 2023**. 28 cursos impartidos e 14 talleres, 6.194 participantes e 1.483 certificados.
- **Anualidade 2024**. 19 cursos impartidos e 7 talleres, 4.977 participantes e 3.018 certificados.

Existen outros programas para combater a desigualdade laboral, coma *o plan de igualdade das empresas*, un documento operativo de traballo que reúne un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar unha diagnose de situación, que perseguen conseguir a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres para, así, eliminar e corrixir calquera discriminación por razón de sexo.

Ademais, a situación de partida na que se atopan as mulleres no mercado laboral vese condicionada pola gran cantidade de barreiras sociais e culturais (froito dos estereotipos e roles de xénero) ás que se teñen que enfrontar día a día e que se materializan na división sexual do traballo.

Como consecuencia, as mulleres incorpóranse ao mercado laboral en peores condicións que os homes, desigualdade que se fai aínda máis evidente nos núcleos de poder e de toma de decisións.

Por outro lado, a falta de corresponsabilidade implica que as mulleres se vexan obrigadas a dedicarse menos tempo a si mesmas e moito máis tempo aos demais, supoñendo unha sobrecarga para elas.

Por todo iso, ponse de manifesto a importancia *da conciliación da vida persoal, familiar e laboral*, é dicir, a posibilidade de compatibilizar o traballo remunerado coas tarefas domésticas e as responsabilidades familiares, e mesmo estender esa conciliación á esfera privada das persoas e a dispoñibilidade de tempo libre para o desenvolvemento persoal, falando de maneira ampla de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Así mesmo, continuaremos avanzando no fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres no eido laboral e no impulso á presenza feminina en sectores profesionais tradicionalmente masculinizados neste ano 2025 cunha serie de medidas, tales como:

1) ***Axudas destinadas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas***. Tamén por medio do *Galicia Emprega Muller*.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: [illegible]
Verificación: CVE-PREPAR: 313127a8-cd94-79f9-b627-e1a28c95b625
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20434
Data envío: 18/02/2025 22:20:53.918

2) ***Achegas destinadas a empresas para favorecer a conciliación en materia de igualdade laboral***.

3) ***Plataforma virtual Iqual Campus***.

4) ***Medidas contra a fenda salarial***".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-BK8zqdJ8JsW-5
Verificación: CVE-PREPAR: 313127a8-cd94-79f9-b627-e1a28c95b625
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20434
Data envio: 18/02/2025 22:20:53.918

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 22:20:53

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-romzgdUsW-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/